



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. CONSELLEIRO DE POLITICA SOCIAL, PARA QUE SE DE RESPOSTA AOS ESCRITOS SINDICAIS NO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR.

Expediente: T.11.Q/29190/17

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito do Comité de Empresa da Provincia da Coruña, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, referente á existencia de silencio administrativo ante as solicitudes de información tramitadas polo citado comité, achegando varios escritos de solicitude debidamente dilixenciados.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, faise unha solicitude de que se recomende ao xerente do consorcio a cesar na súa actitude de restrición do dereito dos/as membros do comité de empresa da provincia da Coruña a obter información e documentación de acordo co disposto na lexislación vixente, e que facilite o exercicio dos dereitos de información, tal como prevé a normativa.

Ante iso requirimos informe a esa consellería, que xa nolo remitiu. Coa información aportada, queda claro a existencia do silencio administrativo ante as solicitudes do Comité de Empresa da Provincia da Coruña do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A cuestión que se presenta ante a Valedora do Pobo, recollida nos escritos de ambas partes, é que o comité presenta todas as súas solicitudes a través do rexistro de entrada do consorcio e a través do procedemento de dereito de acceso á información pública, procedemento que o consorcio considera inadecuado e que da lugar a que a xerencia do consorcio recorra ao silencio administrativo das solicitudes recibidas.

Tal como sinala a consellería no seu informe, algunha das peticións son *“alleas ao dereito de información recollido con carácter xeral na antedita Lei 19/2013 ou ao cumprimento polo consorcio das obrigas referidas no apartado anterior”*. Efectivamente, non todos os escritos presentados polo comité son dereito de acceso á información pública; así pódese dicir que as peticións dun local para o comité, a petición de elaboración de circulares en materia de licencias e permisos para os centros dependentes do consorcio, ou a elaboración de informes de todo un proceso selectivo concreto -salvo que fose elaborado para a tramitación do expediente de xestión da convocatoria-, e a visualización no portal do empregado público das solicitudes de permisos, son peticións que non se poden considerar dereito de acceso á información pública. Pola contra, as peticións relativas ao acceso de expedientes de selección, listados actualizados dos traballadores e traballadoras, listados de vacantes ofertadas, datos das persoas que obtiveron a adscrición temporal, datos das persoas que optaron á cobertura das vacantes nun momento determinado, e vacantes ofertadas e forma de cobertura e prazo destas, si que entran dentro do concepto de información pública necesarias para o desenvolvemento ordinario dun comité de empresa.

Tal como se lle indicou á Consellería no escrito de 19 de abril de 2018, a lexislación de transparencia é a lexislación propia para facer as solicitudes de acceso á información por parte dos representantes sindicais da administración autonómica, toda vez que nin o Estatuto Básico do Empregado Público, nin a Lei de Emprego Público de Galicia, nin o Estatuto dos Traballadores, conteñen un réxime de acceso específico á información, e polo tanto á vista da disposición adicional primeira, non pode considerarse que as solicitudes dos representantes sindicais queden excluídas desta tramitación, ao non tratarse dunha regulación especial de dereito de acceso á información pública.

En todo caso a tramitación de queixa na área de transparencia incide no feito da falta de resposta, con independencia de que se estea a facer unha solicitude de dereito de acceso á información pública ou doutra actividade propia dun comité de empresa.

En relación ao dereito de acceso á información pública, cómpre indicar que, está regulado de xeito tal que todos os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei de transparencia e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, deberán ser achegados aos cidadáns e cidadás que así o solicitan, pero non é un dereito automático, pois existen causas de limitación e inadmisión que deben ser ponderadas antes de facilitar a información. Igualmente a lexislación de transparencia establece que as administracións públicas poden pedir unha concreción da información solicitada (artigo 19 Lei 19/2013, do 9 de decembro), a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 53, tamén di que a cidadanía ten dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ás solicitudes que se propoñan realizar.

Procedía dar unha resposta ás peticións achegadas, ben coa información requirida, ben coas indicacións de emenda ou mellora da solicitude, direcciónando a solicitude ao procedemento correspondente. O persistente silencio administrativo tendo en conta que todos os escritos que se achegan presentan peticións razoables, que entran dentro do marco de negociación social recoñecido no Estatuto dos Traballadores que designa aos comités de empresa como órganos representativos e colexiados do conxunto dos traballadores para a defensa dos seus intereses debe ser evitado.

Non pretende a tramitación desta queixa que se recoñeza a existencia dos dereitos a todas as solicitudes formuladas, pois o obxecto da mesma non é ese, senón que se lle dea unha resposta á cidadanía nos prazos legalmente previstos, e que se establezan uns canles de diálogo fluídos que impliquen que as respostas sexan facilitadas en prazos razoables, que a información favorable sexa acorde coa solicitude e que as respostas que deban ser desfavorables, en relación ás solicitudes presentadas ademais de respostadas nun prazo razoable estean o suficientemente motivadas e xustificadas segundo o ordenamento xurídico vixente.

O silencio administrativo ante as solicitudes destes cidadáns e cidadás cualificados, é percibida por estes como indiciario do mal funcionamento das institucións públicas e as súas organizacións administrativas. É de ter en conta, tal como di a exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno que *“os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. (...) A publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.”* Por tanto, é unha responsabilidade de todas as administracións públicas promover a confianza da cidadanía, a todos os niveis, nas súas institucións e abandonar prácticas escurantistas que sexan percibidas polos querulantes como contrarias aos seus dereitos.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social, a seguinte RECOMENDACIÓN:

*Determinar que solicitudes son información pública e darlle a correspondente tramitación de xeito urxente.*

*Establecer canles de diálogo co comité de empresa para acadar as condicións de paz social necesarias, e convocar ó órgano creado para o seguimento da aplicación do acordo de integración do persoal do Consorcio no V Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Xunta de Galicia, ou iniciar a negociación coa representación sindical no seo do Consorcio, tal como o propio informe da consellería recoñece que procede facerse.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con

especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo